



DECRETO DA ALCALDÍA

Expediente núm.: 2024/G010/000012

Expediente núm.: 2024/G003/001919

Asunto: convocatoria sesión ordinaria Concello Pleno

A Corporación municipal, na sesión extraordinaria celebrada o día 13 de xullo de 2023, aprobou a fixación e periodicidade das sesións ordinarias plenarias, que deberán celebrarse cada dous meses, o cuarto venres dos meses impares, ás 21:00 horas (nove da noite).

Enterado da relación de expedientes.

Dende hoxe ten á súa disposición na secretaría xeral os antecedentes de que dispoña esta funcionaria relacionados cos asuntos que figuran na orde do día.

RESOLVO

Primeiro.- Convocar a **SESIÓN ORDINARIA do CONCELLO PLENO** o día **22 DE NOVEMBRO DE 2024 (VENRES)**, ás **21:00 horas (nove da noite)**, en primeira convocatoria, a celebrar no **SALÓN DE PLENOS DA CASA DO CONCELLO**, coa seguinte

ORDE DO DÍA

1 PARTE RESOLUTIVA
1.1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIORES: - ORDINARIA: núm. 2024/10, do 27 de setembro de 2024. - EXTRAORDINARIA E URXENTE: núm. 2024/11, do 24 de outubro de 2024
1.2.- Ratificar e tomar coñecemento do decreto da alcaldía número 1542/2024 do 10/10/2024, referente á aprobación do proxecto corrixido da obra <i>Reforma e ampliación dos vestiarios do campo de fútbol municipal de Fontela (POS+24 AD2)</i>
1.3.- Ratificar e tomar coñecemento do decreto da alcaldía número 1544/2024 do 10/10/2024, referente á aprobación do proxecto corrixido da obra <i>Mellora da pavimentación do viario O Couto-Alón de Abaixo (POS+24 AD2)</i>
1.4.- Ratificar e tomar coñecemento do decreto da alcaldía número 1594/2024 do 21/10/2024, referente á aprobación do proxecto modificado da obra <i>Intervención na contorna da Praza Campo da Feira e a Plaza do Mercado de Santa Comba -modificado- (POS+2024).</i>(Código da obra: 24.2000.0245.0)
1.5.- Proposta de acordo ao Pleno de aprobación da modificación e redacción íntegra da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis (IBI)
1.6.- Proposta de acordo ao Pleno de aprobación da modificación e redacción íntegra da Ordenanza Fiscal núm 9, Reguladora da taxa de recollida de lixo
1.7.- PROPOSTA CONCELLO PLENO. ASUNTO: INFORME TRIMESTRAL SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PREVISTOS NA LEI 15/2010 E PMP RD 635/2014. PERÍODO DE REFERENCIA: TERCEIRO TRIMESTRE DE 2024
1.8.- MOCIÓN



	PARTE DE CONTROL (Non Resolutiva)
	2.1.- MOCIÓNS
2	2.2.- DAR CONTA DECRETOS DE ALCALDÍA: 1407/2024, do 16 de setembro de 2024 ao 1727/2024, do 8 de novembro de 2024 (ambos inclusive); ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIAS: núm. 2024/18, do 24 de setembro de 2024; núm. 2024/19, do 24 de outubro de 2024 e núm. 2024/20, do 12 de novembro de 2024.
	2.3.- ROGOS E PREGUNTAS

De acordo co artigo 90 do ROF, no caso de non existir quórum suficiente en primeira convocatoria (un tercio do número legal de membros da corporación), entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días máis tarde.

Segundo.- Pola secretaría levaranse a cabo os trámites necesarios para a notificación dos membros da Corporación municipal, que deseguido se relacionan, quedando notificado/s coa sinatura/remisión do presente escrito, así como do recibo da/s acta/s da/s sesión/s do Pleno do Concello para a súa aprobación:

NOME E APELIDOS	GRUPO POLÍTICO	TIPO NOTIFICACIÓN
ALBERTO ROMAR LANDEIRA	PSdeG-PSOE	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
NOELIA BALEATO TOJA	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
PATRICIA VAL ANTELO	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
ESTEFANÍA CALVELO MUÑIZ	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
PABLO NEGREIRA SOUTO	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
CARLOS TURNES ROMERO	PSdeG-PSOE	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
MARÍA SALOMÉ BUSTELO LÓPEZ	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
MARÍA JOSEFA POSE RODRÍGUEZ	PP	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL



JUAN JOSÉ LÓPEZ MUÑOZ	PP	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
JOSEFA MARÍA CALVO VILAR	PP	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
SILVIA CANCELA BLANCO	PP	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
FERNANDO BAÑA DOMÍNGUEZ	PP	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
ANDY GARCÍA PEREIRA	PP	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL

Esta resolución notificarase en cumprimento do artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, coa indicación que:

Esta resolución, ao abeiro do art. 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa e contra ela poderá optar por:

a) Interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición perante este órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, nos termos dos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

b) Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou directamente, poderá interporse recurso contencioso administrativo, ante os xulgados do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses contados desde a resolución expresa do recurso de reposición ou 6 meses dende a súa resolución presunta. No caso de interporse o recurso contencioso-administrativo directamente, o prazo será de dous meses contados dende a notificación deste acto.

c) O recurso extraordinario de revisión, de acordo co art. 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

Santa Comba, na data da sinatura electrónica.

O alcalde

Alberto Romar Landeira

Dou fe, a secretaria xeral

Cristina Alonso Losada